



Sindicato  
Profesional  
de Xustiza

**SPJ-USEO SOLICITA DE MANEIRA URXENTE**  
**A DOTACIÓN DE PERSOAL E REFORZOS PARA OS ÓRGANOS XUDICIAIS**  
**ANTE A GRAVE SATURACIÓN LABORAL**

O SINDICATO PROFESIONAL DE XUSTIZA SPJ-USEO Galicia, CIF G15380033, no seu propio nome e no dos funcionarios que prestan os seus servizos na Administración de Xustiza en Galicia, correo electrónico spjuogalicia@gmail.com e domicilio a efectos de notificacións no local sindical sito na rúa Padre Feijoo 1, CP 36209 de Vigo, por medio do presente expón:

**EXPÓN:**

Que no día da data publicouse no BOE a creación de novas prazas xudiciais e fiscais en Galicia.

Que, con anterioridade á aplicación da nova normativa de eficiencia xudicial, a creación de calquera novo órgano xudicial levaba aparellada de maneira inseparable a dotación dun cadro de persoal orgánico completo composto por xestores, tramitadores e auxilios necesarios para garantir o seu funcionamento.

Que, na recente ampliación e adecuación da planta xudicial, **omitiuse de forma deliberada ou negligente a creación e dotación dos correspondentes cadros de persoal funcionario da Administración de Xustiza.**

**QUE ESTA SITUACIÓN É ABSOLUTAMENTE INACEPTABLE E ABUSIVA**  
**POLAS SEGUINTE RAZÓNS:**

**COLAPSO ESTRUCTURAL:** Os tribunais galegos arrastran unha sobrecarga de traballo histórica. A creación de novas prazas de maxistrados sen a correspondente dotación de funcionarios dos corpos xerais agravará aínda máis a asfixia das oficinas xudiciais, traducíndose en demoras insoportables para a cidadanía e no deterioro da saúde laboral dos traballadores.

**IMPOSIBILIDADE MATERIAL:** Resulta materialmente imposible asumir a inxente carga de traballo que xeran os novos titulares xudiciais coas Relacións de Postos de Traballo (RPT) actuais, as cales son totalmente insuficientes.